


Nocturnos

Tres son as obras dramáticas que nos presenta neste novo libro o autor, ensaísta e actor teatral, Manuel Lourenzo: *Xoana*; *A lúa pon un ovo en Verona* e *Aquela historia de Bly*.

A primeira impresión que nos vén a cabeza, coñecendo a traxectoria de Lourenzo e as filias que o caracterizaron dende sempre, é a influencia que exerceu sobre o autor a obra de Álvaro Cunqueiro. Folga dicir que Lourenzo é un dos maiores especialistas na obra do mindoniense e, polo tanto, non é de estrañar que recolla, retome e reconduza algunha historia cun certo alo mítico para o común dos lectores, en certo modo, ao xeito cunqueirán. Serán os amores entre Xoana a Tola e Filipe o Fermoso e os de Romeo e Xulieta os que chamen a atención do autor para unha reinterpretación



Teatro apetecible

 HÉITOR MERA

ción dos mesmos. *Aquela historia de Bly*, terceira obra en discordia desmarcárase desta proposta.

Xoana e *A lúa pon un ovo en Verona* son as dúas obras que merecen tal tratamento e nelas o que xorde é unha metáfora descarnadamente esaxerada das personalidades e circunstancias que rodearon aos seus personaxes. A imaxe de Xoana arrastrando, sen nin sequera un destino desexado, o cadaleito co cadáver do seu namorado baixo o efecto desestabilizante dun ánimo corroído pola máis fonda das dores, preséntanos unha conceptualización do fenómeno amoroso entre os dous amantes que vai máis alá da obra dra-

mática meramente histórica. De feito, en Lourenzo non se ve un afán erudito no que atinxe ás ambientacións ou no repertorio de datos que poidan situar ao lector; moi polo contrario o que fai é quedar co que el entende que é a esencia do namoro dos dous personaxes e preséntalo dun xeito sutil.

Algo semellante ocorre na segunda historia onde a interpretación do mito é distorsionada a gusto do autor para reflectir unha serie de sentimentos nos que o interesante son os personaxes como vítimas finais dos seus actos.

Vaise desta liña temática a terceira obra na que baixo a escusa dun ensaio para unha película, créase unha sorte de diálogos velocísimos que derivan por un lado en certas manifestacións humorísticas ademais de certo aire do que sería o teatro do absurdo

Nocturnos, pois: sen seren un alarde de mestría, tres textos ben apetecibles.

LOURENZO, Manuel,
Nocturnos, Ed. Laióvento,
Santiago, 2005, 132
páxinas